

REFERENCIAS ETNOGRÁFICAS DO CONCELLO DE “A PASTORIZA” (LUGO)

Publicado en GUÍA DE “A PASTORIZA”. Ed. Concello de “A Pastoriza”. Ano 2019.

Autor: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

O meu labor neste municipio é tratar de describir e analizar dun xeito obxectivo o eido das tradicións orais, actos festivos, ritos, prácticas sociais... que constitúen o medio de expresión de manifestacións vivas nunha continua evolución. Por tal motivo, é mester captar o significado que as persoas deste ámbito territorial lle deron e dan aos seus actos, as súas ideas e ao mundo que lles rodea.

Por tal motivo, dende unha óptica etnográfica, considero que cómpre facer alusión as lendas, que constitúen a base do imaxinario colectivo deste municipio. Tamén a prevención e sandación dos diferentes integrantes da facenda familiar e, polo tanto, á menciña e veterinaria dende unha perspectiva



ÁLVARE (A PASTORIZA)

oficialista e popular cadanseu. Así mesmo, isto danos pé para considerar e facer mención a unha serie de símbolos, que non só van protexer a facenda de axentes climatolóxicos adversos: pedrazo, treboadas, xelo, senón tamén de todo aquilo de índole maléfica, que pode ocasionar alteracións moi profundas no ámbito familiar. Finalmente é mester facer mención á festa, como elemento relevante, que serve para liberar as tensións ocasionadas polo traballo, polas doenzas, e polas angurias e medos; e, tamén, facer referencia a algúns contos e ditos populares, que servan para ocasional divertimento no ámbito comunitario.

I. LENDAS.

Pois ben, comezo a miña viaxe falando das lendas como relatos orais, que amosan unha ubicación espacio-temporal, e que nos refiren o modo excepcional e as ideas esenciais dos seres, tanto naturais como sobrenaturais, da nosa sociedade tradicional. Nas lendas é relevante dar unha información clara do marco espacial no que se desenvolve; do obxecto central do relato; e dos persoeiros, que toman parte. Ademais, as lendas podemos clasificalas, seguindo o arquetipo de **Vicente Risco**, mais engadindo novos principios. Así, neste concello, distinguimos entre *lendas etiolóxicas*; *lendas haxiográficas*, *lendas de seres extraordinarios: encantos, mouras, mouros...* *lendas de seres, provocadores de “medos infantis”: os Cocos; e lendas sobre algúns entes ligados coa morte: agoiros, sinais e ánimas.*

1. LENDAS ETIOLÓXICAS.



LAGOA DE FONMIÑÁ. *Galiciaalnatural.blogspot.com*

As lendas etiolóxicas, tratan de explicarnos a orixe dunha cousa ou dun feito. Así, os nomes dos pobos, ríos, montes etc., non son froito da casualidade, senón que na súa

orixe encontramos trazos moi relevantes nos que a realidade se mestura coa ficción. Neste apartado incluímos unha serie de lendas como a dos “Ollos do Miño”, situada na lagoa de Fonmiñá; a lenda do lugar do “Salto do Can”, ubicada na parroquia de Saldanxe; e a lenda sobre a “Pena do Tempo”, en Pousada.

1.1. LENDA SOBRE “OS OLLOS DO MIÑO”.

Na Pastoriza
“lagoa de
estivo

sempre como o
nacera o río
pasado o tempo
no Pedregal de
kms. máis arriba

Pois ben,
crenza por parte
que a lagoa de
profundidade
no máis fondo
pobo mergullado
nos días de neboa
treboada

respecto á



encóntrase a
Fonmiñá”, que
considerada dende
lugar no que
Miño, ata que
soubose que fora
Irimia, situado uns
da lagoa.

aínda hoxe hai a
dos lugareños de
Fonmiñá ten unha
insondable e que
encontrase un
do que xorden,
e noites de
lamentos. Con
profundidade

ESCULTURA AO DEUS BREOGÁN. LAGOA DE FONMIÑÁ. DOS PAÍSES Y UN DESTINO. BLOGSPOT.COM
desta lagoa hai referencias lendarias que nos din : “*que un bo día caeron na lagoa dous bois, un carro, e un home, que viñan de Mondoñedo e que nunca máis se soubo deles*”. Tamén se fai referencia “*a que nas cercanías da lagoa había un rabaño de eguas, que caeron na auga ou que as tiraron, e que nunca máis se soubo delas*”. Así mesmo, faise mención “*a que dous homes colleran unha pedra e que a ataran con moitas cordas para saber a profundidade, que tiña a lagoa e que nunca o deron sabido*”.



Por outra
banda, dícese
“que nas augas
desta lagoa viven
uns seres
mitolóxicos,
chamados Xacios,
que teñen a
metade do seu
corpo forma
humana, e a outra
metade forma de
peixe. Estes son os

causantes, ao respirar, das barbullas, que emerxen do fondo da lagoa e que a xente do común aínda lles segue dando o nome dos “Ollos do Miño”. Desta lenda, o poeta chairego **Xosé Otero Canto**, seguindo a pegada doutros poetas chairegos como **Manuel Mato Vizoso**, **Xosé María Chao Ledo**, e **Xosé Luís García Mato**, fixo un romance, que leva por título: **Lenda de Fonmiña. Os Ollos do Miño**. Cito as estrofas do IV. Poemario. “Os Xacios son uns entes / e son algo peculiar, / a metade do seu corpo/ é a dun home cabal,/e a metade para abaixo/ teñen aleta caudal/ e un rabo como unha

VILAGROMAR. BARRIO DE POUSADA.

troita/ e ser quen de nadar. / Seres da mitoloxía / habitantes do lugar. / Dióxido de carbono / despiden ao expirar / que se converte en barbullas, / rastros do seu deambular,/ chamados Ollos do Miño / que aboian en Fonmiña./”.

1.2. LENDA DA “PENA DO TEMPO”.

Na parroquia de Pousada coméntase “que hai unha pena, que serve para indicar se vai chover ou vai facer sol. Cando a pena ten unha especie de pucho na punta, provocado pola existencia de néboa, vai chover; non embargantes, cando a néboa fica no fondo mais arrodea á pedra, e sinal de que vai facer bo tempo”.

1.3. LENDA SOBRE O LUGAR DO “SALTO DO CAN”.

Trátase dun lugar da parroquia de Saldanxe (A Pastoriza), que lle debe o nome a unha loita, que houbo noutrora entre cans e lobos, e cando a refrega estaba no seu punto máis álxido aconteceu que un dos cans deu un salto tan elevado, que pasou por riba dos demais. Mais como se chegou ao enfrontamento en cuestión entre dúas especies, pertencentes a un mesmo xénero? No imaxinario popular está presente *“a idea de que hai moito tempo os cans de moitas partes de Galicia debido ao maltrato, que recibían dos seus donos, decidiron era era conveniente xuntarse para tentar facer algo. Pois ben, cando viñan de cara a Bretoña, estimaron que o máis prudente era deixar os seus cus pendurados dos carballos. Desta maneira creían que os lobos non conseguirían averiguar o lugar de xuntanza. Non embargantes ao chegar ao “Salto do Can”, apareceuselles unha manda de lobos. Os cans marcharon tan de presa, con tanta celeridade, que ao pasar polos carballos, onde deixaran os cus, cada un tomou o primeiro que encontrou. A partir dese intre o primeiro que fai un can, cando se encontra con outro, e cheiralrle o cu, e deste xeito poder averiguar se leva o seu”*. Foi aquí onde tivo lugar o famoso “salto do Can”, do que falamos anteriormente (**Galicia Encantada. Reigosa. Inf. Belén Otero**).

2. LENDAS HAXIOGRÁFICAS.

As lendas de carácter haxiográfico reflicten algún feito ligado á Virxe, aos Santos e mesmo a Jesucristo. Nesta modalidade distingo a **“Lenda sobre a orixe do Santuario do San Xiao (Baltar)”**. *“Hai moitos anos algúns veciños da parroquia de Baltar*



atoparon a imaxe do santo ao carón da fonte e levárona para a igrexa parroquial, que era o lugar onde se encontraba. Logo volvía a aparecer ao pé da fonte, e levábano de novo para a igrexa, e así varias veces, ata que os veciños decidiron construírlle unha

CASTRO DE SAA (BALTAR). Galicia pueblo a pueblo. Blogspot.com

capela no lugar da aparición” (BLANCO PRADO, 2004). Este tipo de lendas tiñan como finalidade crear a sacralización histórica dunha imaxe e dun lugar, usándose nalgúns casos como barreira na memoria popular para esquecer o culto pagán, que se levou a cabo orixinariamente naquel lugar. Os lugares de aparición, moitos dos cales encóntranse alonxados das poboacións, no campo e no monte, foron valorados como lugares de culto por medio de lendas. Nestes lugares as comunidades respectivas cambiaron o espacio construíndo dun xeito permanente santuarios.

3. LENDAS SOBRE SERES CAUSANTES DO MEDO INFANTIL.

As lendas sobre seres, causantes do medo aos cativos, están referidas aos nomeados “Cocos”, seres de variadas formas e indefinidos, que utilizan os adultos para asustar aos cativos coa finalidade de que cumpran o que estes lles mandan. Reciben nomes diferentes: ***Paparrasolla, Rausola, Papón, Zampón, Pispota, Sacauntos, Chupasangues...*** Na Pastoriza, descubrimos dous tipos de Cocos: ***a Garavanceira e o Sangrón.*** A Garavanceira é un Coco feminino, que vive nun camiño cheo de silvas, herbas, e fentos no que non se pode entrar. O neno ou nena que entra nese lugar expónse a que a Garavanceira o colla e o introduzca nun saco para logo vendelo (***Galicia Encantada, Reigosa, 2012. Belén Chao Anega***). Pola contra, o Sangrón é un ser de gran tamaño e vitalidade, que colle aos cativos para quitarlles a súa sangue e bebela.

4. LENDAS SOBRE SERES EXTRAORDINARIOS.

As lendas sobre seres extraordinarios, están ligadas aos Encantos, aos Mouros, e as Mouras.

Os Encantos son seres plurais da mitoloxía galaica, que poden amosarse de varios xeitos: como un ser que podemos comparar a un mouro, moura, anano, xigante etc.; como un obxecto, que mediante desencantamento muda ouro; baixo a forma dunha “galiña con pitos de ouro”; e, tamén, baixo a forma dun ofidio, que hai que bicalo tres,

setes ou nove veces no pescozo ou na boca para desencantalo. (Vítor Vaqueiro, 2011, páx. 185).

4.1. LENDA DA FONTE DO TESOIRO.

A fonte está situada no “Coto de Auruxeira”, preto da vila de Bretoña; e coñecida xa que é un dos lugares relacionados coas bodas celtas do Lugnasad. Dícese “*que nesa fonte aparece unha galiña con pitos de ouro nas noites de luar*” (Sabela Figueira, 2006).

4.2. LENDA DE LAGOA (A PASTORIZA).

Coméntase “*que unha galiña e os seus pitos, acompañados dunha fermosa señora, saíronlle a unha muller ao camiño*” (Cuba, Diario “El Progreso”, 1º 3-8-1989).

4.3. LENDA DA ESCADA DE OURO.

Téñolles oído “*que do castro de Seivane (Abadín) ao de San Martiño dos Cucos (A Pastoriza), que son as dúas parroquias, que lindan unha coa outra, que alí hai outro castro, no que había unha escada de ouro, que aínda non se atopou.*” (Equipo Chaira, 2004, páx. 34).

4.4. LENDA SOBRE O CASTRO DE SAÁ.

Cóntase que “*nun lugar moi cercano ao castro de Saa hai un túnel, que foi realizado polos romanos, para ir dun lugar a outro. E dícese que no seu interior hai unha grade de ouro e outros obxectos moi apreciados; mais ningún entrou no túnel por medo a que pudiera derrumbarse*”.

Os encantos ao ser de variadas formas, confunden, atemorizan e impresionan aos humanos. Ademais se un desexa o tesouro que posúe o Encanto, que vive en fontes, covas, mámoas, castros, pode perder a vida.

4.5. LENDA DO TESOIRO DA PENA DO LEIRO.

A Pena do Leiro está no concello de A Pastoriza. O seu nome débese a que por alí era o sitio de paso dun oleico, que vendía olas e cacharros de barro. “*Un día viu ao*

*lonxe uns pitiños pequenos moi amarelos e ao ir acercándose a eles, comprobou que eran de ouro. Nese momento apareceu un mouro e díxolle que non lles tocara, pois traeríanlle unha desgracia. O home quedouse pensando e botou contas; con un só dos pitiños xa gañaba mais que co que puidese vender en toda a súa vida, epolo tanto decidiu coller un pito. Cando tiña o pito na man, a terra empezou a abrise, fíxose un burato no que caeu enterrado e tapado cunha pena das que lle caeron encima” (***Reigosa, Galicia Encantada, 2012).**

Os Mouros, son seres tamén ligados coa mitoloxía galaica. Posúen unha pel terrosa, xa que viven no subsolo dos castros, mámoas, covas, penedos, dos que foron os seus construtores. Levan a cabo tarefas propias dos humanos, como cociñar, lavar, enxugar a roupa e tendela, fiar, tecer, ir por auga, ter cabalos, darlles de beber etc. Non embargantes, son de maior tamaño que os humanos, mesmo xigantes. Malia isto manteñen relacións cos humanos aos que lles dan ouro a cambio dalguns labores, que lles realizan. Para algúns son os antigos habitantes de Galicia, comparables aos Pictos escoceses, aos Korred bretóns, aos Fennianos irlandeses etc. **(Cuba, Miranda, Reigosa, 1999, páx. 171).** Estes seres teñen importantes tesouros e obxectos de ouro, aos que non lles dan importancia.

4.6. LENDA DE PENACORVEIRA.

A miña avoa materna facía referencia “*a que no lugar de Penacorveira (Pousada) durmían uns mouros baixo unhas penas e alí convivían día a día. Tamén dicía, que facían o lume, xa que aquelas penas tiñan polo fondo un cor ennegrecido” (Fonmiñá. Vellos con Historia).*

4.7. LENDA DO MONTE DE A PASTORIZA.

A xente refire “*que un mouro se encontra enterrado nun monte de A Pastoriza e que posúe moitos tesouros. Tamén se di que nese mesmo lugar hai unha igrexa baixo a terra”.*

4.8. LENDA DO BARRIO DE O ALTO

Neste barrio de Pousada hai un castro. Alí contaba a miña nai “*que os mouros deste castro comunicábanse por medio de sinais de fume cos do Castro de Saa*” (**Vellos con Historia**).

As Mouras son seres mitolóxicos, que reciben os nomes de dona, encantos, señoras, princesas etc; posúen unha gran beleza, e viven nos mananciais, castros, penedos, onde amosa peiteando os seus cabelos rubios. Teñen ao igual que os Mouros importantes tesouros de ouro. De costumes nocturnas; a súa presenza adoita ser preferentemente na noite ou no abrente do día de San Xoán. Algunhas das súas peculiaridades lígana coa auga, a lúa e a serpe. Ademais, algúns dos seus trazos son de carácter violento.

4.9. LENDA DO VILAR E A COROTA.

Dícese que “entre o Vilar e a Corota, había unha cova na que vivían encantos, e que nalgún tempo lles vían a roupa tendida, e se se pasaba por xunto deles cando se estaban peiteando, preguntábanlle a un quen lle gustaba máis ser: el ou a peineta, que tiña. E contan que un respondeu a peineta, e entón agarrouna e tiroulla a un pé, e dende aquela o home quedou coxo. (**Vellos con Historia**).

II. OS AGOIROS E AS SINAIS.

Na cultura galega hai sinais, que únicamente poden percibir un pequeno número de persoas, nomeadas “**vedoiros**” –aquelas ás que o crego no intre de ser bautizadas puxolles por error os óleos dos mortos en vez do dos vivos–; estes adoitan ver o enterro dun vivo con todo o seu acompañamento; ver ao doente traxeado coa roupa que vai levar no cadaleito; e mesmo contemplar o seu propio enterro... Hai outros presaxios e avisos, que poden ser recibidos por calquera persoa; e o caso do canto dos corvos; dos ouveos dos cans; das galiñas, que cantan como galos; dos cheiros e sons asociados ao ritual funerario: toque de campás, olor a incenso e cera; tamén as fachas, ou fogos fatuos.

“*Unha noite, un veciño meu que ía ao prado buscar unha ega, viu ir polo aire unha luz alongada con sete coroas como sete cabezas. Era tan luminosa, que ata se espantou o animal. Ao chegar a súa casa contoulo a súa nai, quen lle dixo que eran “fachas”, e que saían dos lugares nos que a xente se bautizara para anunciar a morte dunha persoa, o que ía acontecer días despois. Isto conteillo logo ao meu avó quen me dixo*

que estas grandes bolas de luz, chamabanlles “fuegos fatuos” (Pousada. Vello con Historia).

En Álvare (A Pastoriza), hai un agoiro moi peculiar. Trátase da **“Raposiña das Mordanzas”**, un ser intanxible que dá berros e xeme coma una persoa (Cuba, Miranda, Reigosa, 1999). Esta entidade recibe tamén os nomes de **“Raposa do Morrazo”**, **“Raposa da Morgaza”**, “páxaro da morte”... No concello de Navia de Suarna (Lugo), a **“Raposa da Morgaza”**, *“é un animal invisible, que só se coñece polos seus berros anunciadores de desgrazas.” (González Reboredo e Mariño Ferro, 2010).*

III. AS ÁNIMAS.

Con respecto ás animas son entidades, que se encontran no Purgatorio expiando as faltas cometidas na vida terrenal denantes de ir ao ceo. Non son entes estáticos, senón móbiles, xa que adoitan aparecerse aos seus familiares e veciños coa mesma vestimenta con que foi amortallado; tamén pode tomar variadas formas do reino animal: aveláña, pomba, paxaro, lagarto...; amosarse como luces ou veliñas... O motivo da súa presenza é variado. De tódolos xeitos cómpre distinguir o de satisfacer promesas non realizadas en vida; e, tamén, o pedimento de que corrixan no seu nome aqueles actos negativos, que necesitan unha pronta reparación. Non embargantes, tamén acoden a molestar ás persoas de diferentes xeitos mesmo con agresividade. De aí o carácter ambivalente da súa presenza. Isto motiva que usemos como defensa diferentes obxectos de índole relixiosa; cruces, estampas; levemos allos; fagamos un círculo ao noso arredor etc.

“Comenta en Fontela, que unha luciña entrou na estancia dunha muller, que morrera hai pouco tempo. Isto provocou un gran revoltixo na casa, xa que os cachos, que había embaixo comezaron a axitarse e moverse moito”.

“Nos primeiros anos do século XX, na casa de Lorigados de Vián aconteceu o seguinte feito: “Tanto polo día como pola noite caían pedras no interior da casa. Vírono moitos, da casa e forasteiros. Ás veces, cando comezaban a caer as pedras, a xente botábase fóra da casa pero nunca viron quen as tiraba. Unha vez ao Lorigados deulle unha pedra na cabeza e sangraba coma un carneiro; noutra ocasión a un da

Graña, que se atopaba na cociña, unha pedrada mondoulle tres dentes. O dono da casa, vendo que non había remedio, foi confesar, deu cartos para unhas misas e acabouse o das pedras. Manoel Carracedo, garda da catedral de Mondoñedo, que foi quen contou o caso, supón que as pedras as tiraba algún difunto da casa que estaba en pena”. (Reigosa. Galicia Encantada).

IV. A FACENDA. PROTECCIÓN E DEFENSA

Para os labregos tanto o cultivo cerealístico como o de horta así como o gando porcino e vacún, foron sempre o sostén da economía familiar. Polo tanto, dende sempre o campesino preocupouse de erradicar todo aquilo, que poidese desequilibrar dita economía. É isto acadouno protexendo os seus campos e terras de labor das treboadas e da seca; e, tamén amparando o seu gando porcino e vacún das doenzas e doutros axentes de carácter maléfico, como as meigas.

1. PROTECCIÓN DOS CAMPOS E TERRAS DE LABOR.

O labrador bota man dunha serie de símbolos protectores para previr os efectos climatolóxicos adversos, como pedrazos, secas e treboadas. Estes símbolos úsanse no ámbito parroquial e particular. A nivel parroquial, adoitan sacar ao santo fora da igrexa; tocar as campás para alonxar ao trono; tamén o párroco durante o mes de maio



acostuma celebrar “as rogativas do campo” polas que soe recibir un estipendio en especie ao rematar as mesmas. A nivel particular ou de facenda hai o costume de queimar na cociña loureiro bendito; de poñelo nas ventás; de acender velas benditas; de rezar unha serie de xaculatorias na honra de Santa Barbara etc.

“Por diferentes lugares de A Pastoriza, como Miñoto e Bretoña, adoitan queimar ramas de loureiro na cociña de leña para previr as treboadas e o trono. Así mesmo,

cabía o costume de rezar a seguinte oración: “Santa Bárbara bendita, que en
O LUME NAS CASAS NA NOITE DO SAN XOÁN.

el cielo estás escrita, guarda pan y guarda vino, guarda gente del peligro”. Tamén se comentaba que o crego cando oficiaba a misa dicía o seguinte ensalmo: “Dios guarde el pan y el trigo, y saque a la gente de un gran peligro”. (Fonmiñá)

“En Pousada, para afastar o trono, queimábase loureiro bendito na lareira. Tamén, se sacaban os santos da igrexa, e facíase unha procesión arredor dela. Así mesmo, tocábanse as campás, acendíanse velas benditas e rézabase as seguintes xaculatorias: “Santa Bárbara bendita / que en el cielo estás escrita,/ guarde pan, / guarde trigo, / e garde á xente do peligro”/. “Cando trona, / Cristo sona, /Santa Bárbara bendita, / Dios defenda o pan e o trigo,/ e a xentiña do peligro”/ (Vello con Historia).

Por outra banda, os labregos ofrecían medio ferrado de cereal pola rogación, que ía recollendo o párroco polas casas no mes de setembro, acompañado dun veciño (**Lisón Tolosana, 1971**).

2. PROTECCIÓN DO GANDO PORCINO E VACÚN.

Ata finais dos anos sesenta do século XX a maioría dos veciños das parroquias, cando un animal da facenda enfermaba, acudían aos albeites –curandeiros de animais– que usaban remedios naturais de base mineral (terra dos prados); de base fitolóxica (raíz de altea, baloco, celidonia...); de substancias sacadas dos animais (leite, ovos, graxa do porco...) e das persoas (ouriños); tamén de diferentes produtos elaborados: viño, coñac, azucre... Así, para sandar a hinchazón do estómago das vacas botábaselle terra dos prados polos costados; tamén dabaselles follas de cebola; o último remedio era ter que usar un trocar –puñal de folla cilíndrica metido nunha cánula– que se cravaba no van esquerdo da vaca. O cólico tratábase con flor de sabugo ou de bieteiro recollida o día do San Xoán pola mañá, ou con manzanilla. Para que a vaca se recuperase, logo de parir, amantábase e deixábase no estábulo; tamén, dábaselle viño quente con azucre ou chocolate. As doenzas de tipo respiratorio, collidas pola súa exposición ao sol, ao frío, ou, tamén, por un contaxio eran curadas con raíz de altea, e bebidas quentes: viño con azucre ou café con coñac. As feridas ou vultos na pel eran tratados cos ouriños das persoas. Así mesmo, usábanse lavativas de manzanilla para as doenzas dos ollos. Ademais, era moi importante que todos os anos pola primaveira se lle fixera un sangrado á vaca, non só para previr doenzas senón tamén para sandalas. (**Yolanda**

Seoane). Tamén utilizábanse rituais de índole sacra aínda que a doenza non tivera un fundamento meiguerial. Así, para sandar “o lixo” (doenza das vacas, que tiña unha sintomatología baseada na presenza de diarrea, ubres inflamadas e ouriños sanguinolentos), o albeite o unha sabia facía cun coitelo tres cruces sobre a pel da vaca, mentres recibía o seguinte ensalmo: *“Lixo vente a carne / e da carne vente ao coiro / e do pelo vente ao aceiro / e do aceiro vente ao esterco”*. Nese momento cravábase o coitelo no estero ou no chan e rezábase un painoso. Nesta oración reflectíase o transpaso da doenza dende o interior do corpo do animal ata o exterior (terra) onde ficaba o mal. Cando a doenza adquiría un carácter fóra do natural compría pensar que estábamos ante “un mal de ollo” botado por unha meiga; esta adoitaba ser maior, soía vivir soa, e tiña pouco contacto co exterior, o que lle orixinaba moi mala fama entre os veciños. Causaba dano tanto aos nenos, aos adultos, como aos animais e colleitas. Polo tanto, a saúde das persoas así como os seus intereses materiais eran os eixos básicos sobre os que ía actuar a



meiga por medio da súa mirada, provocando o “aollamento”. Os seus síntomas podían ser livianos, reflectidos na aparición de pulgas, piollos, verrugas, desgana, ata máis graves, ocasionando abortos nas vacas, e outros problemas: deixar de dar leite ou dálo sanguinolento; que non se poida erguer etc. Pois ben, o recelo é o posible dano desta entidade motivaron que, dende sempre, os labregos protéxesen as súas facendas con varios amuletos, de base relixiosa e profana. Así, podemos citar: a bendición dos estábulos por parte do párroco; o loureiro e o olivo benditos; os allos; as ferraduras; tamén, na noite do San Xoán, soían colocarse nas portas e fiestras dos estábulos e casas algunhas plantas como milicroques, fiuncho, bieteiro... cunha finalidade profiláctica; así mesmo, nesa noite, había o costume de realizar “o lume novo” e de saltar por riba dicindo: *“hei brincar o lume novo, que hei facer no San Xoán, e hei de ir pola flor*

**O MILICROQUES PLANTA QUE SE USA PARA
ORNAMENTAR AS VENTÁS DAS CASAS NA NOITE DO SAN XOÁN.**

da auga para de min meigas tornar"; tamén, o día do San Xoán pola mañá soíase pasar ao gando bovino por riba das cinzas da fogueira da noite anterior para previr e axudar a sandar as doenzas dos animais debido ao efecto purificador do lume desa noite; ademais, os membros da unidade familiar adoitaban lavarse coa auga do orballo, que había no campo ese día.

"Comentábase nalgúns lugares de a Pastoriza que hai anos soíase colocar no pescozo das vacas cachos de allos para evitarlles o "mal de ollos" das meigas; así mesmo, na noite do San Xoán poñíanse polas portas e ventás da casa fiúncho e outras plantas; desta maneira as meigas non podían entrar".

"Dicíannos que non se podía varrer a cociña de noite, pois ao varrer traíamos as meigas para dentro da casa. Ademais, na noite de San Xoán aproveitábase o lume para evitar o influxo das meigas..." (Currás. Bretoña. Vello con Historia).

Cando non era posible evitar o dano da meiga, era mester combatilo ritualmente, usando medios de carácter relixioso como, ensalmos e acudindo a algúns santuarios; e, tamén, indirectamente empregando medios bruscos. No primeiro caso, encargábase de relizar o ensalmo unha persoa sabia da comunidade, que usaba unhas palabras – herdadas dos seus antergos –, que non podía comunicar a ninguén pola perda de eficacia das mesmas ao facelo; este soía rematar coas seguintes palabras: *"polo poder que Dios ten, e da Virxen María. Amén"*. Este ritual soía levarse a cabo tres, sete ou nove veces, polo efecto máxico e beñéfico, que tiñan estes número impares dende as culturas antigas. Tamén, os labregos adoitaban de levar o gando vacún a varios santuarios do municipio, como ao San Cidre (Saldanxe); ao San Cosme (Bretoña) e ao San Antón Abade (A Guarda); ás veces, acudían tamén ao San Adrián de Goiriz (Vilaba), onde o sancristán lles "poñía o santo" ás vacas. Nestes recintos sacros, como veremos posteriormente, levaban aos animais na procesión pra amparalos contra todo tipo de males. Tamén, cando se perdía un animal, había o costume de rezar o responso ao San Antón, ou mandarllo rezar a alguen que o soubera; pra que tivese eficacia había que recitalo sen equivocarse. Pola contra, no segundo lugar, era moi habitual "mazar o leite"; así, na Pastoriza e noutras zonas da Terra Chá, cando unha vaca estaba enmeigada había que "mazar o leite", é dicir darlle paos pra desmeigalo; isto orixinaba que a "meiga" se puxese denegrada, xa que os estaba recibindo ela. Polo tanto, estaba habendo unha transferencia mística do ritual sobre o obxecto ou animal vicario (Lisón Tolosana).

3. PROTECCIÓN DOS LABREGOS.

Tamén os labregos dende antano usaron na sandación das súas doenzas medios empírico-naturais, máxico-relixiosos, e biomédicos, sendo estes últimos os máis utilizados dende hai varios decenios. Nos seus inicios a menciña de carácter hipocrático sostiña que o equilibrio entre unha serie de substancias como a bilis negra, amarela, o sangue e a flema propiciaban a saúde e a súa alteración, a doenza. Entón era moi habitual a práctica de sangrías e purgas para acadar unha armonía. O modelo empírico-natural está ligado ás fontes termais e balnearios, así como ao uso de diferentes plantas menciñais. Así, neste concello, os curandeiros adoitaban empregar follas de figueira cocidas para sandar as fendas das mans; a corzana era boa para o estreñimento; o romeiro usábase para aliviar a dor da matriz; a celidonia, para curar as verrugas; o lourerino, ademais de exercer unha función protectora para a facenda, era boa para limpar o intestino; o freixo, usábase para lavar a boca e, tamén, para o reuma; a macela empregábase para as dixestións lentas e para os cólicos; a oliveira utilizábase para baixar a tensión; a verbena, para o lumbago; a malva, para a bronquite, a asma e a tos; a silva, para a diarrea; a milenrama, para as hemorraxias, hemorroides e golpes; a flor do toxo da primaveira, utilizábase para o fígado; a flor de carqueixa, para baixar a tensión etc. Todas estas plantas, facíanse en infusión e, logo, bebíase para que fixera o efecto axeitado. Ás veces, pasaban a auga de cocción polas zonas nas que o doente tiña lumbago, artrose, reuma etc. Por outra banda, o arquetipo máxico-relixioso, está relacionado cun complexo sistema de crenzas, que xira entorno á dualidade ben: simbolizado por Deus, a Virxe e os Santos; e o mal, encarnado polo diaño, e as meigas ou bruxas; este modelo, se correspondería co uso dos ensalmos e as peregrinacións aos diferentes santuarios. Os ensalmos teñen case sempre un carácter relixioso e adoitan ir acompañados de oracións e prácticas non racionais. Componse habitualmente da invocación a un poder no que se confía; da orde, que se lle dá a doenza pra que se alonxe ou abandone ao doente; e finalmente dunha invocación a Deus e a Virxe. Unha das doenzas máis curadas por medio dos ensalmos foi a **“caída da espinilla –oso situado na boca do estómago– e a paletilla –oso situado entre os ombros–**”. Un dos máis usados foi o seguinte: *“Cristo naceu, Cristo morreu, Cristo resucitou. Así como estas palabras son verdades, a espinilla, e a paletilla –de fulano de tal– se volvan ao seu lugar, como as ondas nel mar, as aves a volar, e o cura o seu altar. Polo poder de Dios e da Virxen. Un Painoso e un Ave María”*. Este ensalmo, dependendo da sabia que

o utilice, podía recitarse unha vez ao día durante nove días consecutivos; tres veces ao día en nove días consecutivos; os menos, nove veces seguidas o mesmo día. Finalmente, no modelo biomédico, a doenza amosa unha sintomatoloxía de índole obxectiva, estando regulada por unha terapia de índole química. Este arquetipo, que se manifesta nos distintos centros ambulatorios e hospitalarios está fundamentado na racionalidade biolóxica, xa que prescinde case sempre da propia dinámica do individuo e do seu medio social.

No intre actual, os usos tanto da menciña como da veterinaria de carácter empírico-popular quedan restrinxidos a aqueles eidos nos que a doenza é liviana. Polo que respecta, a práctica dos ensalmos, é algo que no intre actual considerase como algo inapropiado e inculto; non embargantes, dende a miña óptica aínda hai persoas que os seguen usando mais sempre ocultamente xa que non é o proceder habitual.

V. AS FESTAS

A maioría dos autores consideran que a festa é algo universal. Non embargantes,



esta foi variando en función dos condicionantes de índole cultural e natural, que tiñan as diferentes culturas. Así, no ámbito europeo os rituais festivos estiveron ligados a un referente de carácter astral, no que o sol ocupou e segue ocupando unha dimensión globalizadora mentres que a lúa tiña un carácter parcial influíndo nas festas móbiles, como o Entroido, a Pascua, Pentecostés etc. Con respecto á dimensión social, as festas parroquiais tentan transmitir unha imaxe de identidade, afirmando –segundo Xosé Manuel González Reboredo– un “nos” indiferenciado fronte aos “outros”. Non

embargantes, hoxe o carácter impersoal do asociacionismo vai a alterar a raíz comunitaria, ata o punto que non resulta estraño que xurdan elementos foráneos, como é o caso das autoridades, que se amosan como as impulsoras da celebración.

[illegible]

no que os veciños son os actores deste teatro ritualista, que ten lugar no campo ou praza; e tamén no recinto sacro.

Neste concello podemos distinguir as seguintes festas de carácter parroquial:

Festa do San Martiño, parroquia de Corvelle (13 xuño). **Festa do San Xoán**, parroquia de Lagoa (24 xuño). **Festa do San Pedro**, parroquia de A Regueira (29 xuño). **Festa da Nosa Señora do Carme**, parroquia de Úbeda (16 xullo). **Festa da Nosa Señora do Carme**, parroquia de Gueimonde (16 xullo). **Festa do Santiago Apóstolo**, parroquia de Reigosa (25 xullo). **Festa do San Salvador**, parroquia de A Pastoriza (1ª fin de semana de setembro). **Festa do San Salvador**, parroquia de Crecente (6 agosto). **Festa do San Salvador**, parroquia de Fomiñá (6 agosto). **Festa do San Pedro Félix**, parroquia de Baltar (7-8 agosto). **Festas de Santa María**, parroquia de Bretoña (23-25 agosto). **Festa do San Miguel**, parroquia de Fomiñá (29 setembro). **Festa do San Miguel**, parroquia de Saldanxe (29 setembro). **Festa do San Andrés**,



A RAPA DAS BESTAS. XAIME RAMALLAL. A VOZ DE GALICIA. 2017.

parroquia de Loboso (30 novembro). Santa María, en Bretoña (23-25/agosto e 8 de setembro). **Festa do San Xoán en Lagoa** (en torno ao 24 de xuño). **Festa do San Bartolo en Cadavedo** (en torno ao 24 de agosto); San Martiño en Aguarda, finais de maio; Álvare 28 e 29 de maio.

2. AS FESTAS LAICAS.

2.1. A RAPA DAS BESTAS.

O último domingo de xuño celébrase no km. 15 da estrada Mondoñedo–A Pastoriza unha das primeiras “rapa das bestas” do ámbito territorial galego, onde Herminio Pose dice que aínda se seguen levando a cabo unhas 23 –4 (Coruña e Lugo), 14 (Pontevedra), e 1 (Ourense). As súas orixes remóntanse á prehistoria, xa que nalgúns petrógrifos galegos descubrironse representacións de gando equino, o que nos dá pé para pensar na existencia dende antigo dunha cabana de gando cabalar e, polo tanto, nunha loita ancestral entre o home e o cabalo. A “rapa” que nos ocupa realízase dende hai uns corenta anos nun marco de gran beleza paisaxística, chamado Campo do Oso, pequena depresión na aba do monte Carracedo, compartida polas parroquias de Bretoña (A Pastoriza) e Santa María Maior (Mondoñedo). A última rapa do ano 2016 foi organizada pola comunidade de montes de Santa María Maior, colaborando os equipos de Goberno de Mondoñedo e A Pastoriza, así como a Secretaría Xeral para o Turismo da Xunta de Galicia.

Os preparativos deste evento inicianse o sábado, cando os gandeiros participantes – a maioría mozos– comezan a xuntar as reses nas cercanías do curro, e dicir dun lugar ao aire libre e pechado por un valado, onde vai a ter lugar “a rapa” ao día seguinte. O domingo pola mañá cedo os mozos da zona van a polas reses e guíanas ata o curro. Alí “os agarradores”, tamén chamados “aloitadores” tentaran inmovilizar ás reses seleccionadas agarrándoas pola cabeza e o rabo. Acadado o obxectivo córtanlles as crinas e marcanas a lume. Posteriormente, unha vez rematado “o ritual da rapa” o gando é devolto de novo ao monte.

Ao longo da xornada, tamén houbo un mercado de gando cabalar; loita de “garañóns” (cabalos sementais, que se erixen en xefes dunha manada de eguas bravas); e unha degustación gratuíta de carne de polero. Finalmente, o día completouse con xogos ecuestres, co sorteo dun poldro, e coa actuación musical dun dúo.

2.2. FESTA LIGADA Á TEMÁTICA CELTA. O LUGNASAD.



O LUGNASAD. BODA CELTA. BRETOÑA. MARÍA ROCA. O PROGRESO. 2013.

O primeiro venres de Agosto lévase a cabo este evento festivo dende hai uns vinte anos. É organizado pola Asociación Cultural Auruxeira de Bretoña nunha fraga do coto da Auruxeira, situado ao carón do río Miñotelo, preto da vila de Bretoña (A Pastoriza). Este acontecemento débese a algunha xente nova da comunidade parroquial, que xunto con Aneiros, considerado o druída de Cedeira, tiveron a iniciativa de que a temática celta fose considerada como o principal motor da festa. Polo tanto, trátase dun evento na honra do deus Lug, rei de Irlanda, conmemorada os primeiros domingos de Agosto, momento das colleitas. Neste concello é organizada pola devandita asociación o primeiro venres de agosto, estando dalgún xeito ligada en canto ao público asistente ao festival de Pardiñas (Guitiriz), que se celebra ese fin de semana.

Nesta festa tentase reconstruír unha sociedade celta con casamentos, xogos, música, xantar e queimada –previamente esconxurada por un druída (sacerdote celta)–. Os casamentos, case sempre de parellas foráneas, se realizan no coto ao serán. Neles interveñen, segundo **Sabela Figueira**, un druída, que lles da sabios consellos á parella, mentres os noivos cóllense as mans a través dun burato existente na Pena dos Namorados, elemento incorporado ao ritual; unha sacerdotisa, que lle coloca á parella unhas coroas elaboradas con hedras e flores; unha representación de meigas cuns pequenos potes de lume para espantar aos meigallos; un grupo de gaiteiros amenizando o acto; algunhas persoas atavidas de guerreiros, e público en xeral. O ritual do enlace segue logo coa bebida da queimada, esconxurada para afastar os malos agoiros durante

o ano de casamento; e cun xantar en torno a unha mesa circular. Como remate da celebración lévanse a cabo concertos de música ata primeiras horas do mencer. En definitiva, por medio desta festa, trataríase de volver a unha sociedade baseada en ritos antigos ligados coa natureza. Unha sociedade na que a agua, o lume e a vexetación terían un papel relevante.

Por outra banda, “o rol” da comunidade neste evento foi importante para a súa continuidade non só intervindo como actores no seu desenvolvemento, senón tamén realizando aportacións de comida. Nos seus inicios, o Lughnasad naceu da propia comunidade e foi ben acollida pola mesma. Non embargantes co paso dos anos, como ben nos dice **Sabela Figueira** (gran estudosa do “Lughnasad”), a xente da bisbarra participa da festa entendida como baile; música; e sociabilidade mais non se acadou a integración comunitaria nos rituais celtas. En suma, os veciños acuden á festa como tal afastando da mesma o carácter celta. Iso non quita que non valoren a festa mais non a súa caracterización. Malia isto o grupo organizador da festa segue tentando o retorno ao pasado en vías de acadar unha pretendida construción identitaria. Sen embargo, hoxe asistimos a unha falta de relevo xeracional na coordinación deste acontecemento, identitario para algúns; non para os máis, mesmo xoves, absorbidos por eses arquetipos culturais que a globalización de índole económica está a impor, anulando as experiencias culturais de ámbito local.

2.3. FESTAS GASTRONÓMICAS.

Trátase daqueles eventos, que teñen como finalidade dar a coñecer algún produto típico da zona, ou a tentar consideralo como tal, exaltando as súas propiedades.



2.3.1. A FESTA DO REQUEIXO.

No ano 2016 celebrouse na área recreativa do Acevreiro (A Pastoriza) a oitava edición desta festa durante a última semana de xullo. Foi organizada pola Asociación de Comerciantes en colaboración

coa Área de Turismo do Concello e da Deputación Provincial de Lugo; tamén coopera a Escola e Talleres “As Granxas”.

O programa da festa incluía unha degustación gratuíta de “requeixo”; todos os anos os encargados da organización veñen repartindo máis de setecentas racións. Logo, houbo un xantar popular no que adoita haber troitas, churrasco, carne ao caldeiro, queixo e requeixo. A continuación levouse a cabo un concurso de habilidades co tractor, organizado pola Escola e Talleres “As Granxas”, que tivo lugar no Circuito de Automoción e Karting os dous días do evento. Como remate do mesmo, leváronse a cabo actividades e xogos para os máis cativos así como actuacións musicais.

FESTA DO REQUEIXO. CRISTINA PÉREZ.

O PROGRESO. 2013.

O produto estrela da festa, “o requeixo”, é un queixo fresco especial na súa forma de elaboración e consumo. A elaboración doméstica iníciase co callado da leite, que se poñía nunha ola situada nun lugar quente da cociña. Logo deixábase callar o leite durante un período de 24 horas, momento no que se lle retiraba a nata, e colocábase nun frigorífico. A razón fundamental da retirada da nata era evitar que dificultara o posterior desorado, xa que a graxa empapa e impermeabiliza a tea dos sacos onde se realiza a tarefa. Callado o leite e desnatada introdúcese nuns sacos de tea, que se penduran nun lugar fresco para extraer o soro. Logo de levar a cabo este labor, mestúrase a nata co elemento sólido, resultante do desorado, uniformando a textura. A continuación, o produto sérvese como un postre, aderezado con azucre o algún derivado.

2.3.2. A FESTA DA “BOLA DE LISCOS E DOS FRECES”.

No ano 2016 conmemorouse durante o último domingo de marzo a novena edición da festa de ambos os dous produtos, que tiveron hai anos unha fonda repercusión en moitos fogares de Bretoña e a súa bisbarra.

A
“bola de
liscos” está
formada
por unha
simple
masa de



pan, elaborada cunha


OS FRECES. CRISTINA PÉREZ. O PROGRESO. 2018.

mestura de fariña de trigo do país coa foránea, que é extendida sobre unhas verzas ás que previamente se lles quitou o nervio central. Logo, sobre a metade da masa bótanse anacos de touciño afumado e porcións de chourizo. Posteriormente, dóbrase a masa para cubrir o recheo coa outra metade e péchase. A “bola” cúbrese con verzas e métese no forno quente, aínda que no transcurso da cocción retírase a verza superior coa finalidade de que a bola se doure. O resultado da cocción é unha bola xugosa, aromática e sabrosa.

Con respecto “as freces”, trátase dun postre, xa case esquecido na zona de Bretoña, que se elabora do seguinte xeito: nunha pota ao lume ponse manteiga, que paseniño vaise derretendo; logo, faise un amoadado de ovo con fariña, ao que se lle engade pan duro, azucre e mel. A continuación reméxese todo mentres vai concendo. Finalmente adoita servirse quente.

A xornada festiva, logo da degustación dambolos dous produtos, continuou para o público asistente coa visita aos diferentes postos de mercadorías; coa actuación dalgún grupo musical; coa posta a punta dalgúns oficios tradicionais; coa exposición de coches e tractores antigos. Finalmente, o evento rematou a últimas horas da noite coa celebración dunha verbena.

3. FESTAS ASOCIADAS A SANTUARIOS.



O santuarios é un lugar de culto simbolizado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial ao que acoden devotos pertencentes non só á comunidade parroquial na que se empraza o recinto sacro senón tamén doutras comunidades, segundo o “territorio de gracia”, que emane do mesmo. Este territorio de gracia ou influencia está ligado ao poder de convocatoria e fama milagreira da

entidade sacra, obxecto de veneración do santuario. Polo tanto, só resta acudir individualmente o en grupo, acto que pode levarse a cabo no mesmo intre en que o devoto prega a intercesión da imaxe sacra

RITUAL DE “POÑER O SANTO”. SAN XIÁN. BALTAR.

ante unha petición de índole material ou espiritual; ou, logo de que a entidade sacra lle outorgou a petición solicitada. Námbolos dous casos, o devoto acode ao recinto sacro para cumprimentar a promesa por medio dunha serie de rituais e ofrendas.

Por outra banda, a dimensión sacra do santuario complementábase cunha profana, na que os diferentes carruseis, os postos de churrasco e polvo, o xantar familiar, e a posterior verbena danlle un sentido pleno á romaxe, que participa –como acabamos de ver– dun dobre escenario: o sacro, simbolizado polo templo; e o laico, representado polo campo da festa.

Neste concello podemos distinguir seis santuarios: **o Santuario do San Xiao (S. Julián) (Baltar)**, onde se celebra a festividade do San Xiao, catorce semanas despois do martes do Antroido, coincidindo sempre en martes. **O Santuario do San Adrián (Fitoiro) (Bretoña)**, no que o terceiro domingo de Xuño se conmemora a festividade do San Adrián. **O Santuario do San Antón Abade (Miñotelo) (A Guarda)** no que se festexa a festividade do San Antón Abade o sábado inmediato á festividade litúrxica. **O Santuario do San Cosme (Castiñeira) (Bretoña)**, no que se realiza a festividade do San Cosme os días vinteseite e vinteoito de setembro. **O santuario do San Cidre (Tellán) (Saldanxe)**, onde se celebra a festividade do San Cidre (San Isidro) o quince de maio, aínda que o primeiro sábado de agosto se conmemora na igrexa parroquial de Saldanse a festividade do San Cidre e o San Miguel. Finalmente, **o santuario da Trindade** no que se conmemora o segundo domingo de xuño a festividade da Trindade.

Con
respecto ao
territorio de
gracia o
influencia
dos
santuarios
cómpre dicir
que abrangue



en gran medida ao ámbito

RITUAL DE CONTACTO COA IMAXE DA TRINDADE. VIÁN.

municipal e as parroquias cercanas aos santuarios mais xa pertencentes a outros concellos limítrofes co da Pastoriza, como Castro de Rei, Riotorto, Meira, A Pontenova, Mondoñedo e Cospeito.

Dende unha óptica histórica, o santuario que conta cunha maior antigüidade e o do San Cosme (Castiñeira) (Bretoña) pois fundado entre finais do século XV e principios do XVI, aínda que a primeira referencia documental, que se conserva del é do ano 1749, segundo consta no Libro parroquial de Fábrica de Bretoña dos anos 1743 a 1887¹.



Tamén, neste memo ano, temos referencia documental do Santuario do San Adrián. Os demais podemos datalos dos séculos XVII (San Xiao e San Cidre), e XVIII

(San Antón Abade e a Trindade).

En canto ás rogativas ou motivacións, que moven aos devotos a entrar nunha comunicación de rogo ou súplica cos entes sacros, é mester distinguir unha

O SAN ADRIANO. FITOIRO (BRETOÑA). RITUAL DO COITELO.

serie de santuarios como os de San Xiao (Baltar); o San Adrián (Bretoña); e o da Trindade (Vián), que son receptores de doenzas humanas. Ao Santuario do San Xiao (Baltar) acoden os romeiros por doenzas da vista, verrugas, reuma, cabeza. Algúns veñen tamén por enfermidades de animais. Pola contra, aos santuarios do San Cosme (Bretoña); San Antón Abade; e San Cidre, os devotos acoden por doenzas de animais: cochos, eguas, vacas. Hai anos, había devotos, que traían as vacas e facían con elas pequenas procesións ao redor dos santuarios. Sen embargo, tamén hai algúns devotos, que acoden ao Santuario do San Cosme por doenzas humanas.

¹ GARCÍA Y GARCÍA, Antonio: “Las ermitas de Bretoña”, en *Estudios Mindonienses*, nº 8, 1992, páxs, 575-578.

E chega o momento no que os romeiros acoden fisicamente ao santuario para cumprir coa promesa ofrecida á entidade sacra. Ésta, como dixemos anteriormente, pode levarse a cabo no intre de facer a petición e, polo tanto, trátase dun cumprimento “a priori”; ou ben pode realizarse logo de que a entidade sacra conceda a rogativa e, neste caso, e un cumprimento “a posteriori”. A promesa está reflectida nunha serie de rituais e ofrendas, propias dunha liturxia oficialista; e, tamén, noutros peculiares dunha liturxia popular. A liturxia oficialista, a nivel de rituais, centrase na celebración de misas e na procesión. Antano, oficiábanse varias misas nos santuarios do San Cosme (Bretoña), do San Xiao (Baltar); dúas, no da Trindade (Vián), e unha no do San Antón (A Guarda), e



San Cidre (Saldalxe). Hoxe, debido a escasez de cregos, as misas son oficiadas polo mesmo párroco. Logo da misa solemne, que adoita oficiarse ou concelebrarse a primeiras horas da tarde, sae a procesión na que cómpre distinguir unha serie de elementos específicos: a cruz e o estandarte parroquial, levados por fregueses das parroquias. As diferentes imaxes de devoción, portadas nas andas por devotos das distintas entidades sacras. Así, no Santuario do San Adrián, saen as imaxes do San Adrián, do San Estevo e a Virxe do Carme; no do San Cosme, as de Santiago, San Cosme e Santa Rosa; no do San Cidre, as da

Virxe da Cabeza e San Cidre; no da Trindade, as da Inmaculada, Trindade, Virxe da O e San Xosé; no do San Xiao, dúas imaxes do Santo. Por baixo dalgunhas imaxes de devoción, como é o caso da Trindade, adoita ir algun devoto ofrecido de pé, ou de xeonllos. (Blanco Prado, e Pernas Bermúdez, 2002, páx. 81) Acompañando á procesión van tamén o párroco ou cregos concelebrantes, algúns membros da orquestra –se hai festa profana– e os devotos, colocados se distinción de idade e sexo. As ofrendas de carácter oficialista, revisten dúas modalidades: por unba banda, as misas, que adoitan ofrecer os devotos nos santuarios do San Xiao (Baltar),

RITUAL DE “POÑER O SANTO”. O SAN COSME DE BRETOÑA.

San Cosme (Bretoña) e no da Trindade (Vián), e que o crego procura oficiar neses recintos sacros no transcurso do ano; doutra, temos a esmola en metálico, que o romeiro adoita aportar no intre de “poñer o santo”; no momento no que o sancristán recolle a esmola dos que asisten á misa; e, tamén, nos dous petos das capelas do San Antón (A Guarda) e do Adrián (Bretoña), que posúen unha abertura ao exterior do recinto sacro.

A liturxia popular está reflectida nunha serie de rituais e ofrendas. Con respecto aos rituais é mester mencionar que hai anos moitos devotos viñan andando aos santuarios dende o seu lugar de orixe, individual o en grupo; e de pé, ás veces descalzos, e de xeonllos o último tramo. Hoxe, aínda que a maioría fan a viaxe en coches particulares, segue habendo algunha pervivencia deste ritual. Así, podemos apreciar como hai devotos, que acoden camiñando aos recintos sacros dende diferentes entidades de

poboación,
pertencentes
ao concello
de A
Pastoriza, e
tamén doutras
que forman
parte de
parroquias
foráneas mais
limítrofes co



devandito concello. Ao chegar ao santuario, os romeiros entran en contacto co sagrado. Isto

motiva que dean unha ou máis voltas ao redor do mesmo de pé, e ás veces descalzos.

O RITUAL DA FONTE. SAN XIÁN DE BALTAR.

Nas súas mans adoitan levar unha imaxe pequena do Santo ou da advoación mariana, así como corpos de cera, que representan ao gando vacún e porcino; e ao corpo humano, total e parcialmente. Este ritual segue realizándose nos santuarios do San Cosme, Trindade e Xián. Hai anos algúns gandeiros adoitaban traer algunhas reses de gando vacún aos santuarios do San Cosme, San Cidre e o San Antón cunha finalidade profiláctica e sandadora; alí soían dar co gando unha ou máis voltas ao redor do recinto

sacro ou acompañaban á procesión, logo da misa solemne. Posteriormente, os romeiros entran en contacto coas imaxes de devoción e demais obxectos ligados co sagrado, xa que o sacro transmite a súa cualidade, é dicir ten un efecto sacralizador, e polo tanto positivo. Neste primeiro contacto, levan a cabo o “Ritual de poñer o santo”, que consiste en que o párroco ou un fregués da parroquia –ás veces sancristán– pasan unha imaxe pequena do Santo por riba da cabeza dos devotos; estes bican a imaxe e deixan unha esmola nunha bandexa ou boeta, situada ao carón do poñente, quen recita unha xaculatoria, mentres realiza o ritual.

No Santuario do San Xiao (Baltar), o párroco coas imaxes do San Xiao e a Virxe da Cabeza en cadanseu man recita as seguintes prearias: **“Cristo vive, Cristo reina, San Xulián te libre de todo mal. Amén.”**. **“Cristo vive, Cristo reina. La Virgen de la Cabeza de libre de todo mal. Amén.”**. Tamén se usaron as seguintes fórmulas: **“Cristo**



vive, Cristo reina y Cristo te libre de todo mal. Amén.” y **“Cristo vive, Cristo reina, San Julián por medio del te libre de todo mal. Amén.”**

No Santuario do San Adrián (Fitoiro) (Bretoña), ata hai poucos anos puxo o Santo o fregués Plácido Lugilde Pena, quen dicía a seguinte xaculatoria: **“Cristo vive, Cristo reina,/ San Adrián che dé a sanidad,/ e che quite a enfermidad,/ polo poder que Dios ten, /e a Virxen María. Amén”**. Na actualidade, seguen poñendoo dous fregueses da comunidade de Fitoiro.

No Santuario do San Antón

TRINIDADE DE VIÁN.

Abade (Miñotelo) (A Guarda), o párroco é o encargado de realizar este ritual, recitando a seguinte oración: **“San Antonio bendito,/ che quite a enfermidad,/ e che dé a sanidade,/ polo poder que Dios ten, /e a Virxen María. Amén”**/.

No Santuario do San Cosme (Castiñeira) (Bretoña), un fregués da comunidade leva a cabo o ritual, mencionando a seguinte pregaria: ***“Cristo vive, Cristo reina, / San Cosme che dea a sanidad / e che quite a enfermidade,/ polo poder que Dios ten / e a Virxen María. Amén”***. Ata finais da década dos setenta do século pasado puxeron o santo José María Fernández e José Méndez. Logo, púxoo Luís Poupariño, ata que finou nun accidente de tráfico. Ao carón da capela do San Cosme hai un monólito de pedra granítica, adicado a Luís Poupariño; nel amósanse as seguintes inscricións: ***“A Luís Poupariño, amigo e compañeiro, sempre bo e xeneroso do San Cosme, 1991. As boas obras nos morren”***.

No Santuario da Trindade (Pena) (Vián), tanto o párroco como un fregués da parroquia levan a cabo este ritual. Cando o realiza o crego, cita a seguinte pregaria latina: ***“Saname domine / et sanador / salvum me fac / et salvus ero”***/. Pola contra, cando o fai o fregués usa a seguinte oración: ***“Santa Trinidad che quite a enfermidade/ e che dé a sanidad,/ polo poder que Dios ten/ e a Virxen María. Amén”***/>.



Finalmente, no Santuario do San Cidre (Tellán) (Saldanxe), realizou este ritual durante moitos anos, Manolo Tella, quen recitaba a seguinte xaculatoria: ***“San Isidro bendito, / che quite a enfermidade, / e che dé a sanidad / polo poder que Dios ten, / e a Virxen María. Amén”***/. Nestas fórmulas sagradas, que acabo de mencionar, podemos apreciar como os santos actúan como mediadores diante dun ser absoluto e transcendente. Non embargantes, dende a miña óptica penso que os devotos, ás máis das veces, consideran os santos como entidades propias nas que recae todo o seu poder benefactor e sandador.

RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN. SAN XIÁN DE BALTAR.

Por outra banda, noutros santuarios seguen realizándose outros rituais de contacto, como o “ritual de contacto activo coa imaxe estática” (Santuario da Trindade), e o

“ritual do coitelo de madeira” (San Adrián). O primeiro deles consiste en tocar coas mans ou cuns panos a imaxe de devoción e, logo, pasalos –xa simbólicamente sacralizados– polas partes doentes dos seus corpos cunha finalidade preventiva e sandadora. O segundo é unha variante do anterior e consiste en tocar cun “coitelo de madeira” a imaxe do San Adrián e, a continuación, pasalo polas partes doentes. Hai anos “os coitelos do San Adrián” realizounos Xosé Lugilde Moirón e Xermán Lugilde Pena. Posteriormente, encargouse do labor, Plácido Lugilde Pena, e hoxe realizan a tarefa outros fregueses da comunidade de Fitoiro (Bretoña). Este ritual tamén se emprega na actualidade noutros dous santuarios chairegos: no Santuarios do San Adrián e San Xiao de Carballido (Pacios) (Begonte) e no do San Adrián de Goiriz (Vilalba). O coitelo, no seu contacto coa imaxe de devoción, queda sacralizado e os devotos poden deste xeito cortar simbolicamente as doenzas. Así mesmo, no santuario do San Xiao de Baltar levábase a cabo hai anos o ritual de pasar por baixo dunha



superficie oca existente na parte posterior do altar coa finalidade de sandar as doenzas reumáticas. Segundo testemuñas habia que dar nove voltas arredor do altar para curar as devanditas doenzas. **(Blanco Prado, 2004, páx. 49).** O número nove é múltiplo de tres, ámbos os dous impares, e tanto un coma o outro están relacionadas en cantidade de rituais máxico-relixiosos de prevención contra o mal. Así o número nove, clave do embarazo fecundo de mulleres, vacas, e bestas, é o que preside maioritarimente o número de veces que certos rituais deben ser repetidos: dando nove voltas;

O SAN ADRIANO DE FITOIRO. LAMPADARIO DE VELÓNS.

rezando, cortando ou botanco ao lume nove veces; repetindo nove días. Nove andas han de se recibir na Lanzada, nove litros de auga úsanse para curar a sarna; auga de nove

fontes para curar o bocio... (Taboada Chivite, Xesús, 1972, páx. 126). Tamén neste santuario realizábase “o ritual da fonte”. Así, hai anos dicíase que a carón do recinto sacro había tres fontes: unha que curaba a vista; outra, a sarna; e a terceira, usábase para todo tipo de dores corporais. (Blanco Prado, 2004, páx. 49). Non embargantes, había quen afirmaba a existencia de dúas fontes: unha aplicábase para as doenzas reumáticas; e a outra para as dores de cabeza. Na actualidade, considérase que hai unha fonte, que leva o nome do Santo, e na que se realizan os seguintes ritos: 1º, Rito curativo de diferentes doenzas humanas. Este rito consta de dúas partes: 1.1. Os devotos, que acoden á fonte, lavan cuns panos aquelas partes doentes dos seus corpos. As doenzas están ligadas preferentemente coa pel, cos ollos, os ósos. O contacto coa auga implica sempre unha rexeneración non só debido a que a disolución vai seguida dun novo



nacemento, senon tamén porque a inmersión fertiliza e multiplica o potencial de vida (Mircea Eliade, 1967, páx. 112). 1.2. Os panos déixanse

pendurados por riba das silvas e nas ramas das árbores, habendo a crenza de que axiña que os panos vaian podrecendo as enfermidades das persoas, que realizaron o ritual, irán desaparecendo. 2º. Hai devotos que seguen levando a auga en botellas para as súas casas, utilizandoa nas doenzas das persoas e dos animais. Tamén, por riba do Santuario do San Cidre hai unha fonte na que xa non se realiza ningún ritual ao carón da mesma. O culto primitivo ás fontes foi incorporado ao credo cristián no momento da entrada do cristianismo en Galicia. Isto foi posible construindo capelas no seu contorno, como medida para tentar

RITUAL DE PASAR BAIXO A PARTE POSTERIOR DO ALTAR. BALTAR.

erradicar da memoria dos seus habitantes calquera pervivencia pagá. Polo tanto a nova relixión adaptouse na medida do posible aos cultos ancestrais –criticados polo arzebispo

de Braga, San Martiño Dumense— coa finalidade de gañar adeptos para a súa causa, polo cal cristianizou penedos, fontes, mananciais etc. (**Fermín Bouza Brey, 1982, páx. 228**).

En canto as ofrendas de carácter popular, revisten varias modalidades: así temos, os exvotos de cera de carácter artesanal, que simbolizan a una serie de animais: cochos, eguas, vacas, así como ao corpo humano, parcial e totalmente. Estes eran levados aos santuarios polos devotos en testemuña do seu agradecemento pola influencia benéfica



que o Santo exercera na cura de diferentes doenzas de tipo humano e animal. Hoxe, no retábulo central do Santuario do San Xiao (Baltar) aínda encontramos

varias figuras de cera: dúas cabezas humanas, ofrecidas á Virxe da Cabeza, e outras partes do corpo humano. No Santuario do San Cosme (Bretoña), a comezos do século actual había devotos, que traían vacas de cera e daban unha volta ó redor da capela. Outra modalidade de ofrenda, fundamental en case todos os santuarios, son os “velóns” ou cirios pequenos, que adoitan estar acesos ao carón ou preto da imaxe de devoción; estes

O SAN COSME DA CASTIÑEIRA. RITUAL DE CONTACTO.

son de cor vermello, aínda que comezan a introducirse outras cores, como o branco e o amarelo. Finalmente, é mester mencionar “os productos en especie”; esta era unha ofrenda peculiar dos devotos as diferentes entidades sacras, que adoitaba poxarse logo dos oficios relixiosos. A comezos do presente século, algúns devotos seguían traendo ofrenda en especie –mel, partes do cocho, cereais...– ao Santuario do San Cosme, que era subastada ao domingo seguinte, festividade do San Cosme pequeno. No santuario do San Antón (A Guarda) houbo ofrenda en especie ata principios da última década do século pasado, que era poxada polo fregués Anxo Fernández Castrillón. (**Blanco Prado e Pernas Bermúdez, 2002, páx.89**). Naquel tempo acodía “a poxa” un bo número de

devotos, que amosaban un gran interese por acadar algún produto, que tivera relación coa imaxe de devoción.

Hoxe cómpre dicir que aínda que a devoción ás diferentes imaxes de devoción dos distintos santuarios foi diminuíndo considerablemente, non embargantes nos períodos de crise, como polo que estamos a pasar, nótase un aumento da devoción de fieis, que ademais de vir coas motivacións de sempre: saúde, protección da facenda, engaden algunha moi especial, como é o encontrar traballo.

VI. CONTOS

O conto popular é un relato de ficción en prosa, de carácter oral, corto, que adoita transmitir mensaxes culturais do grupo. A súa acción transcurre ás veces sen unha localización concreta e un tempo irreal e indefinido. Non pertence a ninguén en concreto, xa que a individualidade do autor desaparece en beneficio do anonimato creativo (Alonso Girgado, 1993). Adoitan ter unha misión educativa, xa que transmiten valores, normas básicas de convivencia social. *“Son un elaborado e eficaz recurso na transmisión de valores da sociedade tradicional”* (González Reboredo e Mariño Ferro, 2010). En definitiva o conto serve para ensinar mais tamén para deleitar. Ademais, dende unha óptica lingüística cómpre ter en conta as



formas dialectais do idioma na zona (neste

RITUAL PROCESIONAL. O SAN XIÁN DE BALTAR.

caso o idioma galego); os vocábulos vixentes na lingua coloquial viva mais non admitidos en normativas oficiais. Polo tanto, estes relatos resultan tamén de gran interese como documentos filolóxicos (**Equipo Chaira**).

*En Fonmiñá, había un veciño que dirixíase a todos os homes dicíndolles “meu neno”. Era un señor ó cal lle gustaban moito as bromas, pero en cambio non lle gustaba nada que llas fixeran a el. Certo día, no que xa comezaba a escurecer, uns veciños do pobo, algo pícaros, foron a xunto deste señor e díxéronlle: “Señor Manuel, veña con nós axudarnos a tirarlle o carro no río a Fuentes”. O Manuel, que se levaba moi mal cos da casa do tal Fuentes, respondeulles: “Ai meus nenos, ¡ñoo!, vamos aló”. Foron, arrepxa que arrepxa ata que conseguiron tirar o carro ó río, sen darse conta o coitado do Manuel, de que aquel que acababa de meter na auga era o seu propio carro. Á mañá seguinte, cando se ergueu o fillo, xunquiou as vacas para poñerlles o carro, pero claro, non o encontrou. Foi chamar a seu pai e díxolle: “Ai papá, ¿e onde deixache onte o carro?” E este, todo cheo de razón, contestoulle: “Na choza”. E o fillo, que viña da choza, comentoulle que alí non estaba. Entón, foi no momento que o señor se decatou do que fixera e díxolle ó fillo: “Ai meu neno, hai que ir buscar o carro ao río que axudei eu a tiralo” (**Fonmiña. Vello con Historia**).*

*“Tamén un boa día o carteiro de Lagoa (A Pastoriza) levaba o correo dende Abadín a Lagoa. Un día, era amigo do viño e entretíñase nas tabernas, botóuselle a noite enriba e cando pasaba polo Alto da Corda de volta para a casa, deu en tronar e lostregar. O cabalo parou de repente: ¿Que coño pasa? ¡Arre cabalo! Nada. O cabalo non se movía. Baixouse e, ¿qué pasara?; un raio cortáralle a cabeza ó cabalo polo pescozo. Vai o home, colle a cabeza do cabalo do chan e colócalla no seu sitio. Montou seguiu camiño de Lagoa. Cando chegou á casa, daquela non había luz, quixo meter o cabalo na corte. E tiráballe do ramal: ¡Arre cabalo! Pero o cabalo non entraba. Andaba pero non entraba. Pois que lle puxera a cabeza ó reves, co fuciño para riba e tropezaba no cargadoiro da porta” (**Cuba e Reigosa, 1998**).*

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.

ALONSO GIRGADO, Luís: **Cuentos populares**, Noia (A Coruña): Ed. Tambre, 1993.

BLANCO PRADO, José Manuel; e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “Os Santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo)”, en **Croa nº 12**, 2002, páxs. 69-90.

BLANCO PRADO, José Manuel: “A devoción popular no Santuario do San Xián (S. Julián) de Baltar (A Pastoriza) (Lugo)”, en **Croa nº14**, 2004, páxs. 41-53.

CARNERO, M^a Ofelia; CUBA, Xoán R.; REIGOSA, Antonio; e SALVADOR, M^a de las Mercedes: **Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín**, Lugo: Deputación Provincial, 2004, páx. 73.

CUBA, Xoán R; MIRANDA, Xosé; e REIGOSA, Antonio: **Diccionario dos Seres Míticos Galegos**, Vigo: Xerais, 1999.

CUBA, Xoán R; e REIGOSA, Antonio: Xeografía Mítica da Provincia de Lugo (I), en **Croa nº 8**, 1998, páx.42.

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M; e MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: **Diccionario de Etnografía e Antropoloxía de Galiza**, Vigo: Nigratrea, 2010, páx. 104.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: **Antropología cultural de Galicia**, Madrid: Siglo XXI, páx. 90.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: **Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia**, Madrid: Akal, 1978, páxs. 62, 196, 197.

SEOANE VEIGA, Yolanda: “Primeiras aproximacións a un estudio da Veterinaria Popular na Pastoriza (Lugo), en **BMPL (Boletín do Museo Provincial de Lugo)**, nº X, 2001-2002, páxs. 178-188.

VAQUEIRO, Vitor: **Mitoloxía de Galiza. Lendas, tradicións, maxias, santos e milagros**, Vigo: Galaxia, 2011, páx. 331.

VELLOS CON HISTORIA. Traballo de investigación realizado polos alumnos de 4º E.S.O. do I.E.S. “Pedregal de Irimia” (Meira) (Lugo). Coordinador: o profesor Miguel Abreira.

